

que se rexen as cesións temporais de cota láctea entre produtores.

O artigo 46.1 do devandito real decreto dispón que o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá para cada período, mediante orde, o prazo de presentación das solicitudes de autorización das cesións temporais pactadas entre produtores cedentes e produtores adquirentes ou cesionarios.

A potestade de permitir ou manter vetada a realización de cesións temporais, prevista no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, é un instrumento eficaz para fortalecer os mecanismos de reestruturación do sector produtor lácteo.

De cara ao futuro, inmersos xa no novo réxime de pagamento único en que se integra a prima láctea e os pagamentos adicionais totalmente desvinculados da produción, faise necesario reforzar o carácter estritamente utilitario da cota.

Neste sentido e ante as novas posibilidades de reorientación produtiva que a aplicación da reforma da política agrícola común abre para as explotacións, cóidase adecuado que os produtores conten coa posibilidade de efectuar cesións temporais. Desta forma, facilítase a adopción de decisións sobre orientación produtiva das explotacións ao mesmo tempo que se desconxectación en boa medida a presión pola cota por parte daqueles que decidiron seguir coa produción no mesmo ou maior nivel que o que tiñan en períodos anteriores.

De acordo con iso, esta orde establece, para o período 2006/2007, a apertura dun prazo de tres meses para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais; prazo suficientemente folgado para que esas decisións se poidan adoptar de forma sosegada e servir á execución do plan produtivo de cada explotación para este período.

As cesións que se autoricen estarán suxeitas ás condicións e limitacións establecidas no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, e darán dereito aos cesionarios a utilizar durante o período en curso a cantidade individual de referencia obxecto da cesión.

O anexo a que se refire o artigo 2 é o anexo IX orixinal do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo. O publicado mediante a Orde APA/113/2006, do 26 de xaneiro, pola que se establece o prazo de presentación das solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea no período 2005/2006, limitaba os seus efectos ao período de cota 2005-2006.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Prazo para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais durante o período 2006/2007.*

Durante o presente período de taxa 2006/2007, as solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea presentaranse no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta orde.

Artigo 2. *Datos mínimos das solicitudes de autorización de cesións temporais de cota no período 2006/2007.*

As solicitudes de autorización de cesións temporais de cota no período 2006/2007 incluírán, como mínimo, os datos e declaracións que figuran no anexo IX do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de xullo de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

12689 *CORRECCIÓN de erros da Orde ITC/1900/2006, do 13 de xuño, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas deses vehículos. («BOE» 167, do 14-7-2006.)*

Advertido erro no texto do anexo I da Orde ITC/1900/2006, do 13 de xuño, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas deses vehículos, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xullo de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1357, epígrafe «Retrovisores», Directiva 88/321, columna 2, onde di: «(A)»; debe dicir: «(-)».

XEFATURA DO ESTADO

12915 *LEI 25/2006, do 17 de xullo, pola que se modifica o réxime fiscal das reorganizacións empresariais e do sistema portuario e se aproban medidas tributarias para o financiamento sanitario e para o sector do transporte por estrada. («BOE» 170, do 18-7-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Esta lei ten por obxecto a introdución de diversas medidas tributarias. En primeiro lugar, o capítulo I modifica o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, con varias finalidades. Por unha parte, faise necesario modificar o seu artigo 32, en relación coas normas que regulan a dobre imposición internacional en caso de dividendos e participacións en beneficios derivados da titularidade de accións e participacións en entidades non residentes en territorio español, co obxecto de adaptar as súas previsións ao contexto económico internacional actual e ante a necesidade de facilitar o proceso de integración das empresas españolas no marco europeo. En execución do Acordo de Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005, polo que se desenvolven e aplican distintas medidas relativas ao sector do transporte por estrada, auméntase nun 20 % a dedución en investimentos en vehículos ecolóxicos. Por outra parte, modifícanse as normas relativas ao réxime especial de fusións, escisións, achegas de activos e trocos de accións para cumprir coas previsións da Directiva 2005/19/CE do Consello, do 17 de xaneiro de 2005, pola que se modifica a Directiva 90/434/CEE, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros. Finalmente, introdúcese modificacións no réxime fiscal da entidade de dereito público Portos do Estado e das autoridades portuarias.

En segundo lugar, introdúcese as medidas necesarias para dar execución aos acordos da II Conferencia de presidentes, celebrada en Madrid o día 9 de setembro de 2005, dirixidos a lles proporcionar ás comunidades autónomas recursos adicionais para financiar o sistema sanitario. Entre o conxunto de medidas acordadas figura a atribución de maior capacidade normativa en relación co imposto especial sobre determinados medios de transporte e co imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

Por último, procédese a lles dar execución ás medidas lexislativas en materia fiscal que foron acordadas polo Goberno co sector do transporte por estrada co obxecto de paliar a situación xerada pola constante e acelerada elevación que vén experimentando o prezo dos combustibles.

Con tales obxectivos, esta lei estrutúrase en catro capítulos, seis artigos, tres disposicións adicionais, unha transitoria e catro derradeiras.

II

O contexto internacional de globalización económica en que se produce a expansión internacional da empresa española e os principios formulados polo mercado único require valorar as consecuencias que derivan da aplicación dos sistemas para eliminar a dobre imposición sobre dividendos e plusvalías derivadas da participación no capital de entidades non residentes. Con tal fin, o artigo primeiro modifica o punto 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades e ten por obxecto permitir a redución da cota íntegra do imposto, na parte correspondente ás devanditas rendas, no importe dos gravames que recaesen sobre os beneficios con cargo aos cales se distribúen os dividendos e participacións en beneficios percibidos polos suxeitos pasivos residentes polos seus investimentos en entidades non residentes. Na súa redacción vixente, tal dedución atinxe aos que fosen satisfeitos pola filial que os distribúe, polas filiais directamente participadas por aquela e polas filiais directamente participadas por estas últimas, é dicir, a dedución alcanza aos impostos pagados polas filiais de ata un terceiro nivel. A presente lei estende as posibilida-

des de dedución aos impostos que soportasen todas as filiais de calquera nivel, sempre que cada relación entre filiais reúna as condicións de participación mínima do 5 por cento e mantemento dela durante un período dun ano, anterior ou posterior á distribución de beneficios.

O artigo segundo modifica, así mesmo, o punto 2 do artigo 39 do citado texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades co obxecto de incrementar a porcentaxe de dedución pola adquisición de novos vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada, desde o 10 ao 12 por cento, para lles dar cumprimento neste punto aos acordos do Goberno co obxecto de paliar a situación creada pola suba do prezo dos carburantes.

Por outra parte, a Directiva 2005/19/CE do Consello, do 17 de xaneiro, veu modificar determinados aspectos da Directiva 90/434/CEE, do 23 de xullo, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros. Estas normas europeas teñen por obxecto establecer un réxime de neutralidade fiscal aplicable ás rendas determinadas en operacións de reestruturación empresarial, que consiste no adiamento da súa tributación ata unha transmisión posterior dos elementos patrimoniais e as participacións no capital das sociedades que fosen obxecto de transacción. A súa transposición actual encóntrase recollida no réxime tributario especial do capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, e o artigo terceiro desta lei ten por obxecto traspoñer á lexislación española aquelas modificacións que non se encontran recollidas na actualidade.

A incorporación ao ámbito de aplicación da Directiva 90/434/CEE das operacións de traslado do domicilio social dunha Sociedade Anónima Europea (SE) ou dunha Sociedade Cooperativa Europea (SCE) deu lugar á modificación do seu título. Na medida en que a transposición das previsións comunitarias nesta materia se incorporan ao capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, procédese á súa modificación co obxecto de que faga referencia a elas.

Ademais, a directiva recolle por primeira vez as operacións de escisión parcial. Trátase dun negocio xurídico coñecido no noso dereito mercantil e que xa estaba recollido no referido réxime tributario especial. O segundo punto do artigo terceiro modifica a definición destas operacións de escisión co obxecto de axustala ás previsións da directiva, que exige que tanto os elementos patrimoniais que mantén baixo a súa titularidade a entidade escindida transmitente como os que son obxecto de transmisión á entidade adquirente constitúan unha ou varias ramas de actividade.

Por outro lado, a modificación da directiva tivo en conta que os estatutos e normas sobre voto nunha sociedade poden exixir maiorías cualificadas, de tal maneira que unha participación que atribúa unha mera maioría simple puidese non ser suficiente para dispoñer do verdadeiro control da entidade. En consecuencia, o punto tres do artigo terceiro dispón, de acordo coas novas previsións comunitarias, a extensión do réxime de neutralidade fiscal ás operacións de adquisición de paquetes adicionais de accións mediante operacións de troco de valores, que teñen lugar cando a entidade adquirente xa dispón da maioría dos dereitos de voto dunha entidade.

Recentemente, aprobáronse novas normas mercantís no dereito comunitario co obxecto de dispoñer de dúas formas xurídicas novas de entidades mercantís. O Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, aproba o Estatuto da Sociedade Anónima Europea (SE) e o Regulamento (CE) n.º 1435/2003 do Consello, do 22 de xullo de 2003, recolle o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea (SCE). A Directiva de harmonización fiscal referida introduciu diversas modificacións co

obxecto de ter en conta as consecuencias derivadas da existencia destas dúas novas sociedades. En primeiro lugar, ampliouse o seu ámbito subxectivo de aplicación co obxecto de abranguer estas últimas. Ademais, incluíronse disposicións dirixidas a determinar as consecuencias tributarias derivadas do cambio de domicilio social da SE e da SCE regulados nos artigos 8 e 7 dos seus respectivos estatutos. Así, os puntos catro e nove do artigo terceiro teñen por obxecto traspoñer á nosa imposición os efectos previstos para o caso do traslado do domicilio social desde un Estado membro a outro, baseados no adiamento da tributación das rendas que puidesen imputarse á entidade pola diferenza entre o valor de mercado do seu patrimonio e o seu valor contable, a condición de que este permaneza afecto a un establecemento permanente situado no Estado membro de orixe.

O punto cinco do artigo terceiro límitase a cambiar a referencia que contiña o artigo 84.1 d) do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ao título da norma comunitaria, que foi modificado pola Directiva 2005/19/CE, co obxecto de incluír nel a mención ás novas operacións cuxo réxime fiscal é obxecto de harmonización.

Os puntos seis e sete do artigo terceiro, referidos respectivamente ás operacións de trocos de valores e ás de fusión, escisión e achega de activos, teñen por obxecto determinar como opera o réxime de adiamento fiscal nos casos en que os socios das entidades que celebran as devanditas transaccións teñen a consideración de entidades en réxime fiscal de atribución de rendas. De acordo con este último, as que puidesen derivar de tales transmisións atribuíríanselles aos seus socios, herdeiros, comuñeiros ou partícipes, os cales estarían así suxeitos a gravame. Pois ben, seguindo as novas normas comunitarias, estes deben desfrutar así mesmo do réxime de adiamento fiscal.

Por outra parte, é posible que nestas operacións se proceda a transmitir establecementos permanentes que a entidade residente en España teña no estranxeiro. O artigo 92 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ten en conta que o devandito centro de actividade determinase perdas no pasado que se integraron na base imponible da sociedade e que excedesen dos ingresos computados. O punto oito do artigo terceiro elimina o límite temporal que se establecía para determinar o saldo existente entre resultados positivos e negativos imputados, e dispón a tributación da plusvalía derivada da transmisión no importe necesario para cubrir ese saldo negativo. Así mesmo, no caso en que as rendas do establecemento permanente non estivesen exentas, dispónse a tributación do resto da plusvalía xunto coa dedución dos impostos que se devengasen no caso de que o réxime fiscal da directiva non fose de aplicación.

III

A II Conferencia de presidentes das comunidades autónomas abordou a necesidade de proporcionar maior financiamento co obxecto de garantir unha asistencia sanitaria de calidade e concluíu co acordo para adoptar un conxunto de medidas de diversa índole. O subseguinte Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, celebrado o 13 de setembro de 2005, aprobou o detalle das devanditas medidas, coa especificación da repartición entre comunidades autónomas ata o grao en que a natureza de cada unha delas o permitía. O Real decreto lei 12/2005, do 16 de setembro, polo que se aproban determinadas medidas urxentes en materia de financiamento sanitario, procedeu a recoller as máis urxentes, entre as que figuraba o incremento da fiscalidade que grava o consumo de bebidas alcohólicas e elaborados do tabaco.

Estes acordos tamén recollían a necesidade de incrementar a capacidade normativa das comunidades autó-

nomas en relación cos impostos indirectos sobre hidrocarburos e matriculación de vehículos. A presente lei procede a lles dar execución a estas medidas. Con tal obxecto, o seu capítulo II introduce as modificacións oportunas na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.

IV

A constante e acelerada elevación que vén experimentando o prezo dos combustibles desde hai meses provocou importantes dificultades económicas ao sector do transporte por estrada. O Consello de Ministros do pasado 24 de xuño de 2005 propuxo un conxunto de medidas dirixidas a paliar a situación xerada. Desde a devandita data, constituíronse diversas mesas de traballo e viñéronse celebrando reunións co sector. Como conclusión a todas estas iniciativas, o Goberno chegou a un novo acordo co Comité Nacional do Transporte por Estrada, as principais asociacións representantes das empresas cargadoras e as organizacións sindicais con maior implantación no sector do transporte por estrada, cuxas medidas foron recollidas nun acordo posterior adoptado polo Consello de Ministros na súa sesión do pasado 21 de outubro de 2005.

A presente lei procede a lles dar execución ás iniciativas acordadas en materia fiscal que se refiren á mellora da dedución en investimentos en vehículos ecolóxicos dentro do imposto sobre sociedades, antes referida, á redución do 75% do imposto sobre as primas de seguros durante o ano 2006 e á bonificación do 50% das cotas do imposto sobre actividades económicas para o transporte por estrada para os exercicios 2006 e 2007. Estas dúas últimas iniciativas figuran nos capítulos III e IV do texto desta lei.

V

A disposición adicional primeira recolle, de acordo coas novas previsións comunitarias, a data de aplicación do réxime especial en relación coas entidades doutros Estados membros para as cales a Directiva 2005/19/CE ampliou o ámbito de aplicación.

En canto á disposición transitoria, regula a aplicación do novo concepto de escisión parcial para aquelas operacións que sexan acordadas a partir da entrada en vigor desta lei, e que afecta as operacións reguladas no artigo 83, punto 2.1.º, alíneas b) e c) do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Por último, inclúense catro disposicións derradeiras. A primeira regula o tipo de gravame da entidade de dereito público Portos do Estado e das autoridades portuarias, adaptándoo ao das entidades parcialmente exentas.

A segunda modifica a disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que se aprobou co fin de evitar o enriquecemento inxusto dos usuarios dos servizos e instalacións portuarias, e que agora se modifica para adaptala á doutrina do Tribunal Constitucional que proclamou que as chamadas «tarifas» por servizos portuarios constitúen prestacións patrimoniais de carácter público de natureza tributaria.

Pola disposición derradeira terceira modifícase a Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico, para incluír unha nova tarifa no caso de transmisións de vehículos como consecuencia da fusión de sociedades.

A disposición derradeira cuarta contén catro puntos. O primeiro dispón a entrada en vigor desta lei o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado. O segundo refírese ás modificacións introducidas no punto 2 do artigo 32, que entrarán en vigor para perío-

dos impositivos iniciados durante 2005. O punto terceiro refírese á entrada en vigor das modificacións do punto 2 do artigo 39 e das modificacións relacionadas co réxime especial das fusións, que serán de aplicación nos períodos impositivos iniciados no ano 2006. O cuarto punto establece unha excepción á norma xeral de entrada en vigor: precísase que o tipo de gravame aplicable á entidade Portos do Estado e ás autoridades portuarias é aplicable con carácter retroactivo aos períodos impositivos iniciados a partir do ano 2000.

CAPÍTULO I

Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo

Artigo primeiro. *Modificación do punto 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do día 1 de xaneiro de 2005, o punto 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, queda redactado da seguinte maneira:

«2. Terá tamén a consideración de imposto efectivamente pagado o imposto satisfeito polas entidades participadas directamente pola sociedade que distribúe o dividendo e polas que, pola súa vez, estean participadas directamente por aquelas, e así sucesivamente, na parte imputable aos beneficios con cargo aos cales se pagan os dividendos sempre que as devanditas participacións non sexan inferiores ao cinco por cento e cumpran o requisito a que se refire o punto anterior no concernente ao tempo de tenza da participación.»

Artigo segundo. *Modificación do punto 2 do artigo 39 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do día 1 de xaneiro de 2006, o punto 2 do artigo 39 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, quedará redactado da seguinte maneira:

«2. A dedución prevista no punto anterior será do 12 por cento no suposto de adquisición de novos vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada, soamente para aquela parte do investimento que regulamentariamente se determine que contribúe de maneira efectiva á redución da contaminación atmosférica.»

Artigo terceiro. *Modificación do capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do día 1 de xaneiro de 2006, introdúcense as seguintes modificacións no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o título do capítulo VIII do título VII, que queda redactado da seguinte maneira:

«Réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos, troco de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou unha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 83, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. 1.º Terá a consideración de escisión a operación pola cal:

a) Unha entidade divide en dúas ou máis partes a totalidade do seu patrimonio social e llelos transmite en bloque a dúas ou máis entidades xa existentes ou novas, como consecuencia da súa disolución sen liquidación, mediante a atribución aos seus socios, consonte unha norma proporcional, de valores representativos do capital social das entidades adquirentes da achega e, se é o caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda do 10 por cento do valor nominal ou, na falta de valor nominal, dun valor equivalente ao nominal dos devanditos valores deducido da súa contabilidade.

b) Unha entidade segrega unha ou varias partes do seu patrimonio social que formen ramas de actividade e llelas transmite en bloque a unha ou varias entidades de nova creación ou xa existentes, manténdose polo menos unha rama de actividade na entidade transmitente, recibindo a cambio valores representativos do capital social destas últimas, que deberán atribuírse aos seus socios en proporción ás súas respectivas participacións, coa conseguinte redución de capital social e reservas na contía necesaria, e, se é o caso, unha compensación en diñeiro nos termos da alínea anterior.

c) Unha entidade segrega unha parte do seu patrimonio social, constituída por participacións no capital doutras entidades que confiran a maioría do capital social nestas, mantendo no seu patrimonio polo menos participacións de similares características no capital doutra ou doutras entidades ou ben unha rama de actividade, e lla transmite a outra entidade, de nova creación ou xa existente, recibindo a cambio valores representativos do capital da entidade adquirente, que deberá atribuír aos seus socios en proporción ás súas respectivas participacións, reducindo o capital social e as reservas na contía necesaria e, se é o caso, unha compensación en diñeiro nos termos da alínea a) anterior.

2.º Nos casos en que existan dúas ou máis entidades adquirentes, a atribución aos socios da entidade que se escinde de valores representativos do capital dalgunha das entidades adquirentes en proporción distinta á que tiñan na que se escinde requirirá que os patrimonios adquiridos por aquelas constitúan ramas de actividade.»

Tres. Modifícase o punto 5 do artigo 83, que queda redactado da seguinte maneira:

«5. Terá a consideración de troco de valores representativos do capital social a operación pola cal unha entidade adquire unha participación no capital social doutra que lle permite obter a maioría dos dereitos de voto nela ou, se xa dispón da devandita maioría, adquirir unha maior participación, mediante a atribución aos socios, a cambio dos seus valores, doutros representativos do capital social da primeira entidade e, se é o caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda do 10 por cento do valor nominal ou, na falta de valor nominal, dun

valor equivalente ao nominal dos devanditos valores deducido da súa contabilidade.»

Catro. Engádese un novo punto 7 ao artigo 83, que queda redactado da seguinte maneira:

«7. O réxime tributario previsto neste capítulo será igualmente aplicable ás operacións de cambio de domicilio social dunha Sociedade Europea ou unha Sociedade Cooperativa Europea dun Estado membro a outro da Unión Europea, respecto dos bens e dereitos situados en territorio español que queden afectados con posterioridade a un establecemento permanente situado no devandito territorio. Para estes efectos, as regras previstas neste réxime especial para os supostos de transmisións de bens e dereitos serán de aplicación ás operacións de cambio de domicilio social, mesmo cando non dean lugar ás devanditas transmisións.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 84, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Non se integrarán na base imponible as seguintes rendas derivadas das operacións a que se refire o artigo anterior:

a) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades residentes en territorio español de bens e dereitos nel situados.

Cando a entidade adquirente resida no estranxeiro soamente se excluirán da base imponible as rendas derivadas da transmisión daqueles elementos que queden afectados a un establecemento permanente situado en territorio español.

A transferencia destes elementos fóra do territorio español determinará a integración na base imponible do establecemento permanente, no período impositivo en que se produza aquela, da diferenza entre o valor normal de mercado e o valor a que se refire o artigo seguinte minorado, se é o caso, no importe das amortizacións e outras correccións de valor reflectidas contablemente que fosen fiscalmente deducibles.

b) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades residentes en territorio español, de establecementos permanentes situados no territorio de Estados non pertencentes á Unión Europea en favor de entidades residentes en territorio español.

c) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades non residentes en territorio español, de establecementos permanentes nel situados.

Cando a entidade adquirente resida no estranxeiro soamente se excluirán da base imponible as rendas derivadas da transmisión daqueles elementos que queden afectados a un establecemento permanente situado en territorio español.

A transferencia destes elementos fóra do territorio español determinará a integración na base imponible do establecemento permanente, no exercicio en que se produza aquela, da diferenza entre o valor normal de mercado e o valor a que se refire o artigo seguinte minorado, se é o caso, no importe das amortizacións e outras correccións de valor reflectidas contablemente que fosen fiscalmente deducibles.

d) As que se poñan de manifesto como consecuencia das transmisións realizadas por entidades residentes en territorio español, de establecementos permanentes situados no territorio de Estados membros da Unión Europea, a favor de entidades que residan neles, revistan unha das formas enumeradas no anexo da Directiva 90/434/CEE do Consello,

do 23 de xullo de 1990, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, escisións parciais, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha Sociedade Europea ou unha Sociedade Cooperativa Europea dun Estado membro a outro, e estean suxeitas e non exentas a algún dos tributos mencionados no seu artigo 3.

Non se excluirán da base imponible as rendas derivadas das operacións referidas nas alíneas a), b) e c) anteriores, cando a entidade adquirente se atope exenta por este imposto ou sometida ao réxime de atribución de rendas.

Exluiranse da base imponible as rendas derivadas das operacións a que se refire este punto aínda que a entidade adquirente desfrute da aplicación dun tipo de gravame ou un réxime tributario especial. Cando a entidade adquirente desfrute da aplicación dun tipo de gravame ou un réxime tributario especial distinto da transmitente, como consecuencia da súa diferente forma xurídica, a renda derivada da transmisión de elementos patrimoniais existentes no momento da operación, realizada con posterioridade a esta, entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario durante todo o tempo de tenza do elemento transmitido. A parte da devandita renda xerada ata o momento de realización da operación será gravada aplicando o tipo de gravame e o réxime tributario que lle correspondese á entidade transmitente.»

Seis. Modifícase o punto 1 do artigo 87, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Non se integrarán na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas ou deste imposto as rendas que se poñan de manifesto con ocasión do troco de valores, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

a) Que os socios que realicen o troco de valores residan en territorio español ou no dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou no de calquera outro Estado sempre que, neste último caso, os valores recibidos sexan representativos do capital social dunha entidade residente en España.

Cando o socio teña a consideración de entidade en réxime de atribución de rendas, non se integrará na base imponible das persoas ou entidades que sexan socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes no devandito socio, a renda xerada con ocasión do troco de valores, sempre que á operación lle sexa de aplicación o réxime fiscal establecido no presente capítulo ou se realice ao abeiro da Directiva 90/434/CEE, e os valores recibidos polo socio conserven a mesma valoración fiscal que tiñan os trocados.

b) Que a entidade que adquira os valores resida en territorio español ou estea comprendida no ámbito de aplicación da Directiva 90/434/CEE.»

Sete. Modifícase o punto 1 do artigo 88, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Non se integrarán na base imponible as rendas que se poñan de manifesto con ocasión da atribución de valores da entidade adquirente aos socios da entidade transmitente, sempre que sexan residentes en territorio español ou no dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou no de calquera outro Estado sempre que, neste último caso, os valores sexan representativos do capital social dunha entidade residente en territorio español.

Cando o socio teña a consideración de entidade en réxime de atribución de rendas, non se integrará na base imponible das persoas ou entidades que sexan socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes no devandito socio, a renda xerada con ocasión da devandita atribución de valores, sempre que á operación lle sexa de aplicación o réxime fiscal establecido no presente capítulo ou se realice ao abeiro da Directiva 90/434/CEE, e os valores recibidos polo socio conserven a mesma valoración fiscal que tiñan os trocados.»

Oito. Modifícase o artigo 92, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 92. *Perdas dos establecementos permanentes.*

Cando se transmita un establecemento permanente e sexa de aplicación o réxime previsto na alínea d) do punto 1 do artigo 84 desta lei, a base imponible das entidades transmitentes residentes en territorio español incrementarase no importe do exceso das rendas negativas sobre as positivas imputadas polo establecemento permanente, co límite da renda positiva derivada da súa transmisión.

Ademais do establecido no parágrafo anterior, se esa renda positiva non cumpre os requisitos establecidos no artigo 22 desta lei, o importe da renda que supere o referido exceso ingresarase na base imponible das entidades transmitentes, sen prexuízo de que se poida deducir da cota íntegra o imposto que, de non ser polas disposicións da Directiva 90/434/CEE, gravase esa mesma renda integrada na base imponible, no Estado membro en que estea situado o devandito establecemento permanente, co límite do importe da cota íntegra correspondente a esta renda integrada na base imponible.»

Novo. Modifícase o punto 1 do artigo 96, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A aplicación do réxime establecido neste capítulo requirirá que se opte por el de acordo coas seguintes regras:

a) Nas operacións de fusión ou escisión a opción incluírase no proxecto e nos acordos sociais de fusión ou escisión das entidades transmitentes e adquirentes que teñan a súa residencia fiscal en España.

Tratándose de operacións a que sexa de aplicación o réxime establecido no artigo 84 desta lei e nas cales nin a entidade transmitente nin a adquirente teñan a súa residencia fiscal en España, a opción será exercida pola entidade adquirente e deberá constar en escritura pública en que se documente a transmisión.

b) Nas achegas que non sexan en diñeiro a opción será exercida pola entidade adquirente e deberá constar no correspondente acordo social ou, no seu defecto, na escritura pública en que se documente o oportuno acto ou contrato.

Tratándose de operacións nas cales a entidade adquirente non teña a súa residencia fiscal ou un establecemento permanente en España, a opción será exercida pola entidade transmitente.

c) Nas operacións de troco de valores a opción será exercida pola entidade adquirente e deberá constar no correspondente acordo social ou, no seu defecto, na escritura pública en que se documente o oportuno acto ou contrato. Nas ofertas públicas de adquisición de accións a opción será exercida polo órgano social competente para promover a operación e deberá constar no folleto explicativo.

Tratándose de operacións nas cales nin a entidade adquirente dos valores nin a entidade participada cuxos valores se trocan sexan residentes en España, o socio que transmite os devanditos valores deberá demostrar que á entidade adquirente se lle aplicou o réxime da Directiva 90/434/CEE.

d) Nas operacións de cambio de domicilio social dunha Sociedade Europea ou dunha Sociedade Cooperativa Europea dun Estado membro a outro da Unión Europea, a opción incluírase no proxecto e no acordo social de traslado da sociedade que de España traslada o seu domicilio social a outro Estado membro, ou da sociedade que traslada o seu domicilio social a España, ou da sociedade non domiciliada en España, con establecemento permanente en territorio español, que traslada o seu domicilio a outro Estado membro.

A opción deberá constar en escritura pública ou documento público equivalente, susceptible de inscrición no Rexistro público do Estado membro de destino, previsto na Directiva 68/151/CEE do Consello, do 9 de marzo de 1968, en que se documente a operación.

En calquera caso, a opción deberásele comunicar ao Ministerio de Economía e Facenda na forma e prazos que regulamentariamente se determinen.»

CAPÍTULO II

Modificación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía

Artigo cuarto. *Modificación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.*

Un. Modifícase o artigo 43 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, que queda redactado como segue:

«Artigo 43. *Alcance das competencias normativas no imposto especial sobre determinados medios de transporte.*

1. No imposto especial sobre determinados medios de transporte, as comunidades autónomas poderán asumir competencias normativas sobre o tipo de gravame dentro da seguinte banda:

a) Comunidades autónomas peninsulares e Comunidade Autónoma de Illes Balears:

Vehículos automóbiles de turismo de cilindrada inferior a 1.600 centímetros cúbicos se están equipados con motor de gasolina ou de cilindrada inferior a 2.000 centímetros cúbicos se están equipados con motor diésel: entre o 7,00 e o 8,05 por 100.

Resto de medios de transporte: entre o 12,00 e o 13,80 por 100.

b) Canarias:

Vehículos automóbiles de turismo de cilindrada inferior a 1.600 centímetros cúbicos se están equipados con motor de gasolina ou de cilindrada inferior a 2.000 centímetros cúbicos se están equipados con motor diésel: entre o 6,00 e o 6,90 por 100.

Resto de medios de transporte: entre o 11,00 e o 12,65 por 100.

2. Cando o medio de transporte cuxa primeira matriculación definitiva tivese lugar en Ceuta e Melilla sexa obxecto de importación definitiva na península e nas illas Baleares dentro do segundo ano seguinte á primeira matriculación definitiva, as comunidades autónomas poderán asumir competencias normativas sobre o tipo de gravame dentro da seguinte banda:

Vehículos automóbiles de turismo de cilindrada inferior a 1.600 centímetros cúbicos se están equipados con motor de gasolina ou de cilindrada inferior a 2.000 centímetros cúbicos se están equipados con motor diésel: entre o 5,00 e o 5,75 por 100.

Resto de medios de transporte: entre o 8,00 e o 9,20 por 100.

Cando a importación definitiva teña lugar en Canarias dentro do segundo ano seguinte á primeira matriculación definitiva, a Comunidade Autónoma de Canarias poderá asumir competencias normativas sobre o tipo de gravame dentro da seguinte banda:

Vehículos automóbiles de turismo de cilindrada inferior a 1.600 centímetros cúbicos se están equipados con motor de gasolina ou de cilindrada inferior a 2.000 centímetros cúbicos se están equipados con motor diésel: entre o 4,00 e o 4,60 por 100.

Resto de medios de transporte: entre o 7,50 e o 8,63 por 100.

Cando a importación definitiva teña lugar na península e nas illas Baleares ou en Canarias dentro do terceiro e cuarto ano seguintes á primeira matriculación definitiva, as comunidades autónomas poderán asumir competencias normativas sobre o tipo de gravame dentro da seguinte banda:

Vehículos automóbiles de turismo de cilindrada inferior a 1.600 centímetros cúbicos se están equipados con motor de gasolina ou de cilindrada inferior a 2.000 centímetros cúbicos se están equipados con motor diésel: entre o 3,00 e o 3,45 por 100.

Resto de medios de transporte: entre o 5,00 e o 5,75 por 100.»

Dous. Modifícase o punto 3 da disposición transitoria terceira da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, e engádeselle un novo punto 4, quedando ambos redactados como segue:

«3. No ano 2006 e seguintes, a banda a que se refire o artigo 44 será a seguinte:

- a) Gasolinas: desde 0 ata 48 euros por 1.000 litros.
- b) Gasóleo de uso xeral: desde 0 ata 48 euros por 1.000 litros.
- c) Gasóleo de usos especiais e de calefacción: desde 0 ata 12 euros por 1.000 litros.
- d) Fuel: desde 0 ata 2 euros por tonelada.
- e) Queroseno de uso xeral: desde 0 ata 48 euros por 1.000 litros.

4. O límite superior da banda a que se refire o punto anterior poderá ser actualizado pola Lei de orzamentos xerais do Estado.»

CAPÍTULO III

Artigo quinto. *Bonificación no imposto sobre as primas de seguros das operacións de seguro de transporte público urbano e por estrada.*

Durante o ano 2006 terán unha bonificación do 75 por 100 no imposto sobre as primas de seguros das operacións de seguro relacionadas co transporte público urbano e por estrada de mercadorías ou viaxeiros en que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que cubran os riscos de accidentes persoais dos ocupantes dos vehículos de transporte, de danos propios sufridos polos vehículos de transporte e da súa responsabilidade civil por uso e circulación, de danos sobre as mercadorías transportadas ou de calquera outra responsabilidade civil do transportista.

b) Que a prima do seguro se devengue no ano 2006, cunha cobertura máxima dun ano e cuxo período de cobertura se inicie no mesmo exercicio.

A repercusión do imposto sobre as primas de seguros polas entidades aseguradoras ás persoas que contraten os seguros que teñan dereito á bonificación anterior realizarase consignando no recibo, de forma separada, a cota resultante de aplicar o tipo de gravame e a cota resultante de aplicar a bonificación.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei, as entidades aseguradoras regularizarán a repercusión do imposto, aplicando a bonificación aos tomadores dos contratos de seguros que teñan dereito a ela respecto das primas devengadas entre o inicio de 2006 e a data de entrada en vigor desta lei.

CAPÍTULO IV

Artigo sexto. *Bonificación no impostos sobre actividades económicas para o transporte por estrada para os anos 2006 e 2007.*

1. Aplicarase unha bonificación do 50 por cento nas cotas do impostos sobre actividades económicas correspondentes aos anos 2006 e 2007 para as actividades clasificadas nos grupos 721 e 722 da sección primeira das tarifas aprobadas polo Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

A bonificación aplicaráselle á cota resultante de aplicar, se é o caso, as bonificacións a que se refire o artigo 88 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. A diminución de ingresos que o disposto no punto anterior produza nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

As compensacións correspondentes á bonificación nas cotas municipais do impostos sobre actividades económicas e á recarga provincial aplicable sobre elas reconeceranse logo de solicitude de cada concello ou deputación afectados, xunto coa documentación que, se é o caso, sexa requirida polo Ministerio de Economía e Facenda.

As compensacións pola bonificación nas cotas provinciais e nacionais serán reconecidas de oficio polo Ministerio de Economía e Facenda, consonte a información que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria, e axustaranse temporalmente aos procesos de distribución daquelas, asignándose en proporción ás cotas a que correspondan.

Disposición adicional primeira. *Aplicación do anexo da Directiva 90/434/CEE modificada pola Directiva 2005/19/CE, do 17 de xaneiro.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2006, a remisión ao anexo da Directiva 90/434/CEE a que se refiren a alínea d), punto 1 do artigo 84 e a alínea b), punto 1 do artigo 87 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, incluírá as entidades referidas na alínea a) do devandito anexo na súa redacción dada pola Directiva 2005/19/CE, do 17 de xaneiro. Para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2007, esta remisión atinxe a totalidade das entidades referidas no devandito anexo.

Disposición adicional segunda. *Xubilación anticipada dos condutores de transporte de mercadorías por estrada.*

No marco do diálogo social, o Goberno realizará, no prazo máximo de tres meses, un estudo en que se analice levar a cabo medidas de redución da idade de xubilación dos condutores do transporte pesado ou de longa distancia por estrada, no ano 2006, sempre que se acredite a realización de traballos desta natureza e sempre que os traballadores afectados acrediten na profesión o mínimo de actividade que se estableza.

No estudo, que deberá ser realizado co concurso do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, incorporaranse as compensacións económicas que se deban efectuar a favor da Seguridade Social, pola aplicación das medidas oportunas, para preservar o equilibrio económico-financieiro do sistema e os principios de contribución e proporcionalidade entre as achegas efectuadas e as prestacións que se vaian recibir. Entre tales compensacións poderanse prever cotizacións incrementadas para o colectivo beneficiario das medidas de redución da idade de xubilación.

Disposición adicional terceira. *Bonificacións de cotizacións á Seguridade Social.*

1. As empresas agrarias canarias que encadren traballadores por conta allea no réxime especial agrario da Seguridade Social que sufrisen danos relacionados co paso da tormenta tropical Delta beneficiaranse das bonificacións ou devolucións de cantidades previamente ingresadas recollidas no artigo 7 do Real decreto lei 14/2005, do 2 de decembro, nas mesmas condicións que as empresas agrarias encadradas nos sistemas especiais do réxime xeral da Seguridade Social, do plátano e do tomate fresco.

2. O prazo para solicitar a devolución das cotizacións ingresadas, correspondente aos meses obxecto de bonificación nos termos contidos no artigo 7 do Real decreto lei 14/2005, será de tres meses a partir da data de entrada en vigor desta lei.

3. Para os demais aspectos da bonificación ou devolución de cotas a que se refiren os puntos anteriores, seguirase o establecido na Orde TAS/100/2006, do 23 de xaneiro.

As bonificacións sinaladas irán a cargo do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición transitoria. *Operacións de escisión acordadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

As operacións de escisión acordadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse polo establecido no artigo 83 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, segundo a súa redacción anterior á establecida por esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Tipo de gravame das entidades de dereito público Portos do Estado e autoridades portuarias.*

Engádesse unha alínea h) ao punto 2 do artigo 28 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, que quedará redactada da seguinte maneira:

«h) A entidade de dereito público Portos do Estado e as autoridades portuarias.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase o punto 2 da disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seguinte sentido:

«Nos supostos en que, por sentenzas xudiciais firmes, se declare a nulidade de liquidacións de tarifas practicadas polas autoridades portuarias tras a entrada en vigor da Lei 27/1992 e con anterioridade á entrada en vigor da Lei 48/2003, como consecuencia da nulidade das disposicións que lles servían de cobertura, estas serán exixidas novamente pola autoridade portuaria a partir da entrada en vigor desta disposición, debendo procederse á práctica dunha nova liquidación, logo de audiencia do interesado, de conformidade co determinado nesta disposición, e sen prexuízo do cumprimento e execución das respectivas sentenzas.

As tarifas devengadas conforme o previsto no parágrafo anterior pola prestación de servizos portuarios ou a utilización das instalacións portuarias terán a consideración de taxas.

A autoridade portuaria, ao notificar a nova liquidación e cando concorran os requisitos establecidos con carácter xeral, acordará de oficio a compensación que proceda pola contía do crédito correspondente ao debedor, podendo diminuír na nova liquidación a cantidade previamente ingresada.

Para os efectos da compensación, entenderase que a obriga é líquida, vencida e exixible desde o día da notificación da factura que conteña a nova liquidación.

Nestes casos, en execución de sentenza admitirase a oportuna compensación cos créditos que a autoridade portuaria teña contra o recorrente e, en particular, cos que deriven da nova liquidación.

Os elementos esenciais das tarifas a que se refire esta disposición son os seguintes:

a) Tarifa T-0: sinalización marítima.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización do sistema de axudas á navegación marítima cuxo mantemento corresponde á autoridade portuaria no ámbito espacial e funcional que lle foi asignado, e será de aplicación a todo buque que faga escala ou se encontre nas augas de calquera porto ou instalación marítima do territorio nacional. Esta taxa será tamén de aplicación aos buques-tanque fondeados en augas xurisdicionais ou na zona económica exclusiva española debidamente autorizados pola Capitanía Marítima.

Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa, con carácter solidario, o propietario do buque ou embarcación, o navieiro, o consignatario e o capitán ou patrón do buque ou embarcación.

A contía da taxa será a menor das seguintes cantidades: 0,80 euros por cada 100 unidades de arqueo bruto cada vez que o buque fai escala ou 900 euros anuais.

b) Tarifa T-1: buques.

Constitúe o feito imponible desta taxa o acceso marítimo dos buques ao porto e a súa atracada ou ancoraxe no posto que lle fose asignado, incluíndo as prestacións que lles proporcionan as obras e instalacións portuarias.

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte e solidariamente, o propietario, o navieiro e o capitán do buque. Se o buque se encontra consignado será suxeito pasivo substituto dos contribuíntes o consignatario de buques.

A contía desta taxa será de 0,30 euros por unidade de arqueo bruto e día ou fracción polo acceso marítimo do buque ao porto (entrada e estancia do buque) e de 12 euros por día e metro de eslora do buque pola súa atracada.

c) Tarifa T-2: pasaxe.

O feito imponible desta taxa constitúe o acceso, embarque, desembarque e, en xeral, o uso das instalacións portuarias xerais e obras do porto polos pasaxeiros e, se é o caso, polos vehículos que estes embarquen ou desembarquen en réxime de pasaxe, dos seus peiraos e pantaláns, accesos terrestres, vías de circulación e estacións marítimas.

Serán suxeitos pasivos, a título de contribuínte e solidariamente, o navieiro e o capitán do buque. Se o buque se encontra consignado será suxeito pasivo substituto do contribuínte o consignatario do buque en que viaxen os pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe.

A contía desta taxa será: 6 euros por pasaxeiro; 2,4 euros por motocicleta; 12 euros por furgoneta; 8,4 euros por coche e 60 euros por autocar.

d) Tarifa T-3: mercadoría.

Constitúe o feito imponible desta taxa o acceso, embarque, desembarque e uso das instalacións portuarias en xeral, dos seus peiraos e pantaláns, accesos terrestres, vías de circulación e zonas de manipulación polas mercadorías.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte e solidariamente, o navieiro, propietario da mercadoría e o capitán do buque. Cando o buque e a mercadoría se encontren consignados serán suxeitos pasivos substitutos o consignatario do buque e o da mercadoría.

A contía desta taxa será de 17 euros por tonelada; para facturación de contedores cheos considerarase un peso de 16 toneladas e de 2 toneladas para os baleiros.

e) Tarifa T-4: pesca fresca.

O feito imponible desta taxa constitúe o acceso marítimo ao porto dos buques pesqueiros en actividade e a súa atracada ou ancoraxe no posto que lle fose asignado, incluíndo as prestacións que as obras e infraestruturas portuarias lles proporcionan, así como o uso das instalacións e servizos xerais do porto polos produtos da pesca.

É suxeito pasivo contribuínte desta taxa o armador do buque. Será suxeito pasivo substituto quen, en representación do armador, realice a primeira venda.

A contía desta taxa será do 2 por 100 do valor da pesca.

f) Tarifa T-5: embarcacións deportivas e de recreo.

Constitúe o feito imponible desta taxa o acceso marítimo das embarcacións deportivas ou de recreo ao porto e a súa atracada ou ancoraxe no posto que lles fose asignado, incluíndo a utilidade que lles proporcionan as obras e instalacións portuarias e os

servizos xerais do porto, accesos terrestres, vías de circulación e dos centros de estancia e recepción de titularidade da autoridade portuaria, se os houber, debendo aboar os servizos que solicite. Non obstante, cando a embarcación realice transporte de mercadorías ou os pasaxeiros viaxen en réxime de cruceiro, serán de aplicación as tarifas T-1: buques, T-2: pasaxe e T-3: mercadorías.

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte e solidariamente, o propietario da embarcación, o consignatario e o capitán ou patrón dela. En dársenas e instalacións deportivas en concesión, o concesionario terá a condición de suxeito pasivo substituto dos contribuíntes.

A contía desta taxa será de 0,5 euros por día e metro cadrado do produto da eslora máxima pola manga.

g) Tarifa T-6: guindastres de pórtico.

O feito imponible desta taxa será a utilización dos guindastres de pórtico convencionais ou non especializados.

É suxeito pasivo obrigado ao pagamento o petionario do servizo.

A contía da taxa por hora de servizo será, en función da capacidade de elevación dos guindastres, a seguinte: 3 toneladas: 73 euros; 3-6 toneladas: 98 euros; 6 toneladas: 115 euros; 8 toneladas: 134 euros; 16 toneladas: 230 euros; 30 ou máis toneladas: 355 euros.

h) Tarifa T-7: almacenaxe.

O feito imponible desta taxa será a utilización de espazos, explanacións, almacéns, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, para a almacenaxe de mercadorías e vehículos.

Será suxeito pasivo da taxa o petionario deles.

A contía da taxa será o valor de mercado dos bens utilizados, que se determinará de conformidade co disposto no artigo 19 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

i) Tarifa T-8: subministracións.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación da subministración de auga, enerxía, xeo, combustibles e demais subministracións entregadas pola autoridade portuaria.

Será suxeito pasivo da taxa o petionario da subministración.

A contía desta taxa será o custo da subministración.

No suposto de que, como resultado da aplicación da presente disposición, o importe da nova liquidación fose superior á da liquidación anulada, haberase que ater, en virtude do principio de seguranza xurídica, á contía correspondente a esta última.

O establecido nesta disposición non afectará as situacións individuais en que se producise prescrición dos dereitos da autoridade portuaria. O prazo de prescrición, interrompido durante a tramitación dos recursos interpostos contra a liquidación, volverase contar de novo a partir do día seguinte a aquel en que sexa notificada a sentenza firme anulatoria da liquidación.

Nos supostos en que o procedemento contencioso-administrativo termine por algún outro dos modos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as autoridades portuarias poderán liquidar novamente as tarifas, de conformidade co previsto nesta disposición. O mesmo será de aplicación no

suposto de que as tarifas sexan anuladas mediante resolución administrativa.

No non previsto nesta norma serán de aplicación a Lei de taxas e prezos públicos, a Lei xeral tributaria e as normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento delas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.*

Engádesse un punto 5.1 ao grupo I.5 do artigo 6 da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico, co seguinte contido:

«5.1 Cambio de titularidade do permiso de circulación por transferencia do vehículo que sexa consecuencia das operacións de fusión, escisión ou achega que non sexa en diñeiro de ramas de actividade de entidades: 8,50 euros.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Un. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dous. As modificacións introducidas polo artigo primeiro no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, serán de aplicación aos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Tres. As modificacións introducidas polos artigos segundo e terceiro no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, serán de aplicación aos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2006.

Catro. As disposicións relativas ao réxime fiscal da entidade de dereito público portos do Estado e das autoridades portuarias serán de aplicación aos períodos impositivos a que se refire a disposición derradeira terceira da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12916 *LEI 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados. («BOE» 170, do 18-7-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Directiva 2002/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de decembro de 2002, sobre a mediación

nos seguros, establece as bases para a harmonización da actividade de mediación de seguros na Unión Europea. Esta directiva responde á necesidade de establecer un marco legal comunitario que lles permita aos mediadores de seguros exercer libremente en toda a Unión, coa finalidade de contribuír ao correcto funcionamento do mercado único de seguros, sen esquecer nunca a protección dos consumidores neste ámbito.

En relación co primeiro dos obxectivos citados, a directiva establece o principio de rexistro pola autoridade competente do Estado membro de orixe de todas as persoas que accedan ou exerzan a actividade de mediación de seguros e reaseguros, sempre e cando cumpran uns requisitos profesionais mínimos que se refiren fundamentalmente á súa competencia profesional, honorabilidade, á existencia dun seguro de responsabilidade civil profesional e á súa capacidade financeira.

Respecto ao outro aspecto fundamental referido á protección da clientela que recorra aos servizos dos mediadores de seguros, establécense obrigas de información previa á subscripción do contrato de seguro que recaen sobre os intermediarios de seguros, así como á necesidade de establecer mecanismos extraxudiciais de resolución de conflitos entre os intermediarios de seguros e a súa clientela, e establécese tamén a obriga de sancionar as condutas contrarias ás normas que rexen esta actividade.

A incorporación desta directiva ao ordenamento xurídico español fai necesario introducir importantes modificacións na Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados.

Ademais, a evolución experimentada nos últimos anos na actividade de mediación en seguros privados determinou a aparición dalgunhas prácticas non previstas na normativa vixente, a consolidación de novas formas de mediación no mercado asegurador, así como a necesidade de superar as deficiencias postas de manifesto nos anos de vixencia da Lei 9/1992, do 30 de abril.

Estas circunstancias aconsellan a elaboración dunha nova lei que, sen prexuízo de inspirarse na Lei 9/1992, do 30 de abril, substitúa esta disposición para regular de forma unitaria a actividade de mediación de seguros no ámbito da Unión Europea e adaptar a nova lexislación á situación real do mercado.

II

A Lei 9/1992, do 30 de abril, supuxo o recoñecemento á importancia económica e social da actividade de mediación de seguros. Iso levou o lexislador a incrementar as exixencias requiridas para actuar como mediador de seguros co propósito de mellorar a calidade do servizo e de protexer os tomadores de seguros e asegurados.

Estas medidas de protección foron acompañadas doutras destinadas a conseguir unha maior liberalización neste sector; non obstante, a realidade do mercado demostrou que tal liberalización comportou, en certos supostos, unha falta de transparencia na mediación de seguros. Para mellorar esta transparencia e garantir a protección dos consumidores e usuarios, dítase esta nova lei cuxa regulación se asenta en tres principios básicos:

a) A regulación de novas formas de mediación, coa incorporación das figuras do axente de seguros vinculado a varias entidades aseguradoras e do corredor de reaseguros.

b) O principio de igualdade de trato das distintas clases de mediadores para o cal se prevén requisitos profesionais equivalentes para todos eles atendendo á súa especial natureza.

c) O principio de transparencia que garanta axeitadamente a protección dos consumidores neste ámbito.